

ANO XIII • Nº 410  
Do 17 ó 30 de Maio de 1993

Vinte pesos



# IRIMIA

REVISTA  
QUINCENAL  
DE CRENTE  
GALEGOS

**¡Benia ós pacifistas!**



Foto: Manolo Blanco

## Galego na vida para que o galego viva

¿En que lugar de Galicia non se celebra aínda o día das Letras Galegas? Certamente a festa callou coma poucas na nosa sociedade. Está, logo *institucionalizada*: é unha festa oficial, con toda unha serie de celebracións e liturxias que xa forman parte da nosa tradición.

Esta é unha pequena batalla gañada para un idioma coma o galego, idioma que disque emerxe, pero que non acaba de aboiar. E pode resultar unha batalla de certa importancia, porque se trata de algo que permanece e que se fai habitual, normal co paso dos anos.

Sen embargo ¿quen non se lembra da forza reivindicativa, do espírito que movía a aqueles que animaban o país enteiro nos primeiros dezasetes de mario? Había unha festa oficial moi cativa e toda unha fervenza de actos culturais nos que se lembraba a dignidade do noso idioma e o dereito irrenunciado ó seu uso normal e pleno. Era unha sacudida á conciencia acomplexada do país, feita por mulleres e homes que actuaban polo xeral con sinceridade e enxebreza, cunha mentalidade nova e rompedora, acollendo o galego na súa vida antes de esixir o seu uso oficial, escrito ou cerimonial.

Hoxe, o día das Letras está algo acartonado. Está aí, e convén que siga estando aí, con tanto persoeiros, directores, alcaldes, conselleiros e demais, oficiando nas conmemoracións. Deixémolo estar. Sabemos que boa parte deles non cren case nada no idioma galego e que lle dan ó día un toque de insinceridade. Pero velaí os están recoñecendo, mal que lles pese, o cambio de conciencia nos galegos: un avance a prol da propia dignidade.

Agora ben, visto o panorama, habería que inventar algo. Porque á marxe de todo o que digan ese día aqueles persoeiros, o galego está delicado de saúde. Hai varias fronteiras de loita nos que está perdendo terreo, e son batallas importantes, estratéxicas. Citaremos dúas que nos preocupan especialmente: as novas xeracións de falantes e o mundo urbano.

Os nenos e mozos galegos, usan cada vez menos o galego. As nenas e mozas aínda menos. Élles obxecto de estudo, pero non instrumento para se comunicaren. A maioría dos pais renuncia a falar en galego ós fillos. E os poucos nenos e nenas con pais que se dirixen a eles conscientemente en galego, a penas teñen, no seu mundo infantil, outro ámbito no que desenvolverse con normalidade no seu idioma familiar. Habería que facer algo, e facelo xa. ¿Quen protexe os dereitos lingüísticos das familias galego-falantes?

Por outra parte, as cidades seguen a ser un gran reto para a extensión do uso e normalización do idioma propio de Galicia. Houbo anos atrás un momento de avance, pero os inimigos activos e pasivos do galego seguen estando nas clases acomodadas das cidades que marcan estilo en case todo. Tampouco a nova clase dirixente medrada a carón desta década prodixiosa está á altura das circunstancias. Tamén habería que facer algo. ¿El terá algo pensado xa a Dirección Xeral de Política Lingüística?

Daniel López Muñoz

## Chupes Xacobeos

¿Quen se lembra xa da carabela aquela que fora a pique co *Curro* dentro, da ponte que se esmendellara, do pavillón insignia que ardera, da traducción simultánea inservible en plena presentación internacional? Foron aqueles tremendo detalles do ano no que España demostrou ó mundo que o español cando organiza, organiza de verdade.

En todo magno acontecemento, compañeiros e compañeiras, hai lusco e fusco, gran e palla. E resulta de moi mal gusto eso de que calquera contribuínte pregunte ós de arriba ¿Oia, xefe, pero quen é o responsable desa trapallada?. Porque resulta pouco menos que dicir que hai algún inútil con carné, ou algún veciño del, que se está poñendo as botas a conta da rechamante macrocelebración esa que tanto nos dignifica e tan europeos nos vira. Está feo, polo tanto, dicir que no Ano Mago houbese *chupes centenarios*.

Sen embargo si que convén facer algo de memoria daqueles mondongos porque, pasado o Ano Magno Hispano entramos no Ano Santo Galego, e velaí que a historia se repite e de novo está un tentado de facer de trasno augafestas e preguntarse quen responde de tanto desacerto.

Porque detrás dunha vén a outra. E despois de facer propaganda por media Europa sobre as marabillas que se estaban a facer no Camiño, entra o Ano Santo e está todo por inaugurar. E chega a Semana Santa, cunha

avalancha de peregrinos cando menos tan grande coma a que cabería esperar por calquera, e os albergues sen rematar. Toda unha provocación, claro, que, como xa comentamos, transformou ós pacíficos peregrinos en irados *pelegrins* que toman os albergues pola brava.

Pero todo se pode corrixir e unha boa imaxe borra quince malas. ¿E se son oito *macanudas* imaxes? Pois .... aí as tedes, ta-ta-ta-chin,... as chicas de *Galicia Calidade*, as auténticas *Portomeñe's Girls*, animadoras incansables da Volta a España-Xacobeo-93, ¿Quen dixo que as galegas non... eh? ... Pois vaia pranchazo, machiño, que descubre un que das oito, cinco son importadas. Tremendo revés á nosa autoestima nacional. Manda moito carafio coa *Calidade Galega*. ¡Vais xénero que se gasta o sr. Conselleiro de Relacións...!

Que ninguén se desmoralice porque un pranchazo esquécese cun escorregón. E que mellor escorregada cá do outro día con todo o ballet *Rei de Viana* desprazado a New York, como ilustres embaixadores do Xacobeo (Pero ¡Ceos! haberá Asunto con máis representantes e embaixadores) disposto a actuar en non se sabe cantos sitios e, .... ¡ñaca!, tódalas actuacións anuladas. E aló quedaron compostos e sen noiva e o paisano do hotel preguntándose quen pagaba a contal.

Por certo ¿onde liscou Xullo Eirexas que non o atopo?

# IRIMIA

EDITA: Empresa periódica A IRIMIA.

**DIRECTORA:** Carmen Puente Fernández, 15705 C/ Pombal, 30 (Santiago) Telf.: 585330.  
**MESA DE REDACCIÓN:** Daniel López Muñoz, Xosé Chao Rego, Carmela Capeáns Leis, Mariano Guizán Sánchez, Luciano Pena Andrade, Manolo Regal Ledo, Beatriz García Turnes, Manolí Paz Baña, Pedro Pedrouzo Devesa.

**COLABORADORES:** Victorino Pérez Prieto, Xosé A. Miguélez, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tereixa Ledo, Colectivo "A Rella" (Antonio Fdez. Oca, Eliseo Miguélez, Constantino Mariño, Tonecho Meixide Fdez.) Juan Antonio Pinto Antón, Francisco Carballo, Tintxu, Miguel Anxo Araújo, Xavier R. Madriñán, Lois Ferradas, Madó Domínguez, Severino Gestoso.

**SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN:** Apdo. 980 - Santiago de Compostela. Telf.: 981 - 59 01 42 (De 3 a 5). Subscrición Ordinaria: 2.000 pts. Real: 3.000 pts. De Apoyo: 5.000 pts.

**CONTA:** Caixa Galicia, CC/2091-0349-45-3040005822 - Urbana nº 8 - Santiago  
**DEPÓSITO LEGAL:** C-1417-81 **IMPRIME:** Imprenta Minerva

## Unha vez máis, Alfonso

### Sobre o firme fundamento da fe

Irimia, no seu día fíxose eco da homenaxe que a Alfonso Blanco Torrado se lle ofreceu na vila de Guitiriz por parte de 50 escritores galegos e de varios centos de amigos e veciños. Ademais diso Irimia estivo presente no acto nas persoas de varios dos seus colaboradores habituais. Para todos nós é ben coñecido que o labor de Alfonso está perfectamente encadrado dentro da súa condición de cren- te cristián galego, de crego.

A fe, como recoñeceron algúns dos escritores que o homenaxearon, está sendo o motor de toda a súa actividade; unha fe que el mantén dunha maneira variada, bebendo no pozo da palabra de Deus, apoiándose na amizade de moitos compañeiros cristiáns, cregos e non cregos, e incluso zugándoa do panal laico de moita xente da cultura.

### Un sinal dos tempos

Moitas veces imos falando aquí cousas que, ó noso parecer, teñen moito que ver con Deus e co seu proxecto para a xente. Reflexionamos sobre tal ou cal cousa, feito, circunstancia, libro. ¿El haberá cousa, feito, circunstancia, libro máis interesante có que pode ser unha vida? Por iso hoxe propoñémoslle ó lector, a xeito de exemplo, a per-

soa de Alfonso Blanco Torrado; e non o facemos porque consideremos que el é único, nin porque pensemos que o que representa a súa persoa haxa que atribuírlo só a el; ben se encargou el, ó remate da homenaxe, de nos recordar a todos cómo

acollía a homenaxe no nome dunha multitude, porque tamén fora unha multitude a que estivera sempre detrás ou diante do seu traballo.


Con todo e eso, Alfonso, sen prepotencia, coa humildade que o caracteriza, é un pequeno sinal dos tempos para os cregos, para os cregos, para o pobo, para a Igrexa, para Galicia. Indícanos algo da Palabra de Deus que pode orientar hoxe a presenza dun crente en terras de Galicia.

### Unha Eucaristía novidosa

Alguén comparou a festa en honor de Alfonso cunha Eucaristía. Houbo xantar de festa e comunión, houbo agradecemento, houbo memoria dunha loita polo pobo, houbo música e ledicia, houbo compromiso cara ó adiante, houbo paixón por un pobo humilde. ¿Que máis se podía pedir? Certamente Deus estaba sendo debidamente honrado nun dos seus fillos queridos, nun dos seus pobos queridos, nunha das súas linguas queridas.

¡E canto desexamos todos que o exemplo de Alfonso se espalle polos pobos e parroquias de Galicia! Seica de Alfonso dixera Ramón Piñeiro unha vez, ó se informar do que traballaba polo pobo: ¡Que diferente podería ser Galicia, se tivesemos unha Igrexa amadora do pobo galego!.

#### SONETO XERMINAL



Claudio Rodríguez Fer

*"Catorce versos dicen que es soneto", afirmaba Lope de Vega. O autor deste soneto gráfico tivo a xenialidade de lle adicar ó fundador a Asociación de Xermolos un soneto que xermola: dende a nada ó froito pasando pola semente.*

## REMOENDO O EVANXEO

### Tan só un cambio de presenza

**Último Domingo de Pascua** (16 de Maio)

*"Díxolles Xesús ós seus discípulos: -Non vos deixarei orfos, volverei onda vós. Dentro de pouco o mundo xa non me verá, mais vós verédesme, porque eu vivo e vós tamén viviredes. Nese día coñeceredes que eu estou no meu Pai e vós en min, e eu en vós"* (Xn 14, 15-21).

**Domingo da Ascensión** (23 de Maio)

*"Xesús, achegándose ós discípulos, díxolles [de despedida]: -Ide e facede discípulos meus de todos pobos... E sabede que eu estarei convosco todos os días ata a fin do mundo"* (Mt 28, 16-20).


Aínda que "algúns dubidaban", como recoñece Mateo no evanxeo de hoxe, a Ascensión é o recoñecemento definitivo de Xesús coma o Señor por parte dos dis-



cípulos e a comunidade primitiva. É o señorío de Cristo o que nos dá tamén a medida da grandeza do home, que en Cristo chegou á súa plenitude. Como na Ascensión, o ser humano só pode acadar a súa plenitude sendo capaz de autotranscenderse, palabriña que quere dicir que a persoa só chega a ser totalmente cando é capaz de superarse a sí mesma e se recoñece como imaxe de Deus.

Esa é a súa diferenza con todas as demais realidades da natureza: as cousas son cousas, os animais son animais, pero o home é moito máis, recoñécese coma fillo benquerido de Deus, que quixo compartir con el a súa vida, a súa felicidade, por amor. Podemos vir do mono por evolución das especies e da mesma materia, pero a realidade humana para o cristián é algo máis cá dun "mono espido", por moi evolucionado que sexa.

Nese camiño de irmos ascendendo e realizándonos cada vez máis coma persoas fillas benqueridas de Deus, os cristiáns contamos sempre coa compañía alentadora do Espírito de Xesús, que na cruz e na Pascua venceu a lóxica do pecado e a morte. O encargo de Xesús é levar esa Boa Nova por todo o mundo.



O XACOBEO está a decepcionar a moita xente, publicidade oficial á parte, e dicímolo por experiencia propia. Fixemos o Camiño de Santiago e nalgunha vila coller unha praza nun albergue esixía máis voltas cás que tivemos que facer no camiño, e non por exceso de demanda, máis ben por falta de organización. O outro día achegámonos a unha vila pra participar dun Festival do Xacobeo, non máis de vinte persoas escoitando ó grupo Saraibas, e nun Taller de Música só cinco rapaces. Todo isto nunha vila de grande actividade cultural na súa vida de cada día. Non se poden gastar miles de millóns de pesetas no aire, sen contar cos colectivos que están a facer cultura.



EN LUGO PREOCUPA A CALIDADE DA AUGA que, como vén denunciando o BNG, ten unha cantidade de chumbo superior ó corenta por cento do permitido. Non hai dúas augas iguais, por iso dependemos dos encargados de controla-la composición da auga en cada intre. Non é o mesmo a auga pra usos industriais ca pró consumo humano.

### O REFRENDO DINAMARQUÉS SOBRE MAASTRICHT

é unha mostra máis da separación crecente entre os partidos e as súas bases, xa que vén forzado polos que mandan, polas multinacionais, e polos que están a controlalos medios de comunicación que están a face-lo imposible por que gañe o eurocentrismo dos traballadores e dos pobos. Mentres tanto seguen os desequilibrios no Sistema Monetario Europeo. Na fotografía o Primeiro Ministro de Dinamarca, Poul Mayrup Raswussen.



OS COMITÉS ANTI-SIDA están traballando moito para concientizar á Xunta e á poboación na axuda ós enfermos da Sida, xa que moitas veces pertencen a colectivos sen recursos que nin sequera poden paga-las menciñas. Segundo estudos, o setenta por cento dos presos están infectados pola Sida.

# IRIMIA

## IRIMIANZA EN LUGO

Hai anos que vimos perseguindo o obxectivo dunha **irimianza** en Lugo, que xa se vai facer posible.

Ha se-lo día 29 de maio, sábado, ás 4 da tarde na Residencia da Compañía de María: Rúa da Mariña Española, 29, Lugo.




O BISPO DE SOLSONA DENUNCIA O BILINGÜISMO, o medo, e as actitudes tímidas e dúbidas no uso do idioma catalán, e aplaude o afán da Conferencia de Bispos de Catalunya polo uso da súa lingua; nos

mesmos días foi denunciada a venda de mel dentro da Catedral de Santiago, procedente doutros lugares, pero camuflada coa etiqueta de mel do noso país. Sen xeitos diferentes de facer pobo.



**UNHA GRANDE XOGADA**, a de Felipe, ó introducir nas listas do Psoe a xente coma Pérez Mariño por Lugo, Garzón, Albert Boadella, Victoria Camps... Maniobra de despiste pra distraer á poboación, xa que así poucos inciden nos problemas reais dos cidadáns. Por outra banda, asemella alonxarse do "aparato" que domina Guerra, refrescando ó partido con novos aires, e algúns xa soñan co cambio da Lei Corcuera.

**MAIO DO 68. VINTE-CINCO ANOS DESPOIS** e con esta perspectiva temos que dicir que aquela data marca o remate do movemento obreiro como exclusiva ou centro das canalizacións dos conflitos, e o nacemento de novos movementos sociais, tamén foi o comezo do desencanto polo imperialismo comunista que xiraba arredor de Moscú.



**O VOTO EMIGRANTE** dos oitenta e tres mil galegos residentes en Europa e Latinoamérica que poden votar non pasou desapercibido ós políticos, e varios visitaron aqueles países, entre eles quince alcaldes no último ano. Por outra banda, votarán nas vindeiras eleccións máis de dezasete familias de emigrantes que retornaron á nosa terra. A Asociación Pra Defensa do Emigrante Galega está a facer campaña a favor das esquerdas, despois das viaxes fastuosas do Presidente da Xunta.

**A VIOLENCIA POLITICA** segue a executar persoas dun xeito extraxudicial segundo denunciou a ONU, e isto en máis de cincuenta países. Unhas tres mil cincocentas persoas, entre elas douscentos nenos e moitas mulleres. Tamén hai que denuncia-lo xeito irregular de moitas das sentencias a morte dictadas en USA, moitas dun xeito arbitrario, sen investigar, sufríndoas sobre de todo os hispanos, os cidadáns negros e outras minorías.



Na fotografía a cámara de gas de San Quintín.



**SO UN SETE POR CENTO DOS GALEGOS EN IDADE DE TRABALLAR** están inscritos nun sindicato, moi poucos, comparados coa situación dos países europeos onde en Suecia chega ó oitenta e cinco e en Austria ó cincuenta e oito por cento. Entre as mulleres, a militancia aínda é moito máis pequena.

## O desafío do seis de xuño



Por TINTXU


O seis de xuño estamos chamados a votar. Trátase de elixir deputados e senadores e, indirectamente, un novo goberno. Nun sistema democrático sómo-los cidadáns os que temos que decidir deste xeito o que queremos para todos: a uns preocuparalles máis atopar traballo para todos, outros darán máis importancia a combater-los estragos da droga, haberá quen estea máis preocupado polos problemas da agricultura ou da industria, ou ben pensará que cómpre poñer-lo esforzo nas estradas, nas escolas ou nos hospitais. Para algúns o resolve-las cuestións máis urxentes dentro de España pasará por diante de que eses mesmos problemas sigan pendentes ou sexan máis graves na súa aldea, vila ou cidade, mentres opinarán outros que Galicia xa leva feitos moitos sacrificios e que temos que acadar unha prioridade na resposta a eses problemas no ámbito xeográfico máis próximo.

Os partidos políticos teñen a obriga de responder ós problemas do común dos cidadáns e, nestas circunstancias, de facer ofertas electorais consecuentes, partindo de que non todo se pode arranxar ó mesmo tempo, anque existise acordo sobre os problemas prioritarios. Por iso fai máis difícil para os cidadáns saber aprecia-las diferentes ofertas e votar en consecuencia.

Desde un primeiro momento os partidos poñen por diante as cousas máis rechamantes. Curiosamente os socialistas, acusados de corrupción, poñen o énfase nuns poucos candidatos novos, destacados loitadores no asunto da corrupción, do terrorismo ou do narcotráfico, procurando esquece-las dificultades que o propio goberno puxo no seu labor, e deixando de lado o curriculum dos outros máis de 500 candidatos. Pola outra banda os conservadores amósanse coma anos inocentes, que nunca tiveron nada que ver na corrupción, nin na falta de eficacia dos gobernos, por máis que sexan sobradamente coñecidos, por exemplo a través da Xunta de Galicia, das deputacións e da meirande parte dos concellos.

E el ¿os outros? Nin sequera os podemos escoitar neste gran balbordo empezado xa antes da propia convocatoria electoral, intensificado nese invento publicitario chamado precampaña, e probablemente tampouco na campaña oficial dos últimos quince días. Por iso é moi difícil para os cidadáns formarse unha clara conciencia de cales son as mellores solucións ós problemas e da credibilidade dos propios candidatos. Anque mal poden defender unha alternativa socialista desde Galicia os tres primeiros da lista de Pontevedra, no seu día loitadores no ámbito comunista, noutros lugares. Ou nos primeiros do PP por Lugo e Ourense, dos que non se coñecen iniciativas de interese para Galicia.

## Cando eu sexa máis grande, quero ser da Unidade Galega



Por MARIANO GUIZÁN

*“Na Galicia de hoxe non é evidente, en absoluto, que os que se reclaman nacionalistas consigan evitar a desintegración da cultura e da identidade nacionais...”*

*“Pero non sempre os nacionalistas son patriotas, non sempre alcanzan a distinguir os intereses xerais dos intereses que conclúen na punta dos seus zapatos”. (Antón Baamonde, La V. de G., 24-XII-91).*

Abofé, pódollelo xurar, que non me teño por un nostálxico; nin me vou botar a chorar *“por lo que pudo haber sido y no fue”*. Pero cando penso naquela Unidade Galega do ano 1.979... ¡Que pouco sentidiño...! ¡Canto tempo estragado...!

Certo que poucas veces, ou nunca, unha ocasión perdida volve petar na mesma porta. Pero, segundo din os das tómbolas, *“hay que seguirla para conseguirla y jugar para ganar”*, e pódese tentar outra vez á sorte, ou escomezar a face-las cousas con máis cabeza. Que semella se-lo mesmo, pero son cousas moi distintas.

E, para min, o futuro de Galicia coma país desenvolvido, no máis amplo sentido do que iso significa, pasa inescusablemente polo entendemento dos nacionalistas. Por unha unión nacionalista ou por unha unidade no galeguismo (escolla cadaquén o que mellor entenda).

Así e todo, esa unidade galega, e non falo dun simple amaño feito ás présas para mellorar resultados electorais, non creo que se poida concebir tanto sen o BNG coma sen o PSG-EG.

Se o atranco para acadala está en *“sensibles e nalgúns casos radicais”* diferencias ideolóxicas, ou en programas que non concordan, non lle vexo moita dificultade; polo menos a un prazo non demasiado longo. Cousas máis chocantes se teñen visto. Todo é cuestión de xenerosidade e intelixencia, de seriedade nas negociacións e de vontade de chegar a acordos xa imprescindibles.

Outra cousa é se hai *“razóns de máis peso”*. Permitídemepois coído que vén agora a conto-, que bote man dun parágrafo que os trasnos da imprenta deixaron eivado nun anterior escrito (Irimia, nº 405): *“no último movemento de confluencia intentado polo PSG-EG, a resposta do BNG pareceume prepotente, revanchista, con ánimo de asoballamento; que, quenquera que fose o seu inspirador, sabía xa inaceptable para o PSG-EG”*.

Aínda máis. Escoiteille a Suso de Toro que, cando andaba a xuntar material para o seu libro *“Camilo Nogueira e outras voces”*, quedou abraiado ó sentir cómo entre a xente do nacionalismo rexurdían, aínda vivos, vellos resentimentos, xenreiras persoais, ó evocar feitos xa resesos ocorridos na política galega máis de dez anos atrás.

E, se a cousa fose así ¿non sería bo trocar eses zapatos en botas de sete leguas?

## “A ecoloxía é vida... e a Igrexa predica o Deus da vida”

Mns. José María Izuzquiza é Bispo de Jaén. Pero do Jaén do Perú: unha rexión ó Norte onde viven 450.000 persoas espalladas en dúas realidades ben distintas: unha zona campesiña, con poboación mestiza que fala castelán; e a zona da selva, habitada por xíbaros, aguarunas e huambisas.

En Jaén, rica en madeira, están vivindo -segundo nos conta o seu Vicario Apostólico- un forte problema cunha empresa madeireira que pretende explotar un bosque na provincia de S. Ignacio. Os campesiños, que ven neses bosques a vida, opuxéronse. A empresa, entón, aliouse coa policía e co exército. Puxeron coma desculpa a morte de dous gardiáns, acusando a un grupo de campesiños de “terroristas”. Agora téñennos no cárcere dende xuño. “Estamos a tratar de mobilizar tódalas forzas para a defensa dos campesiños e do bosque”.

A pobreza dos campesiños lévaos, moitas veces ó deterioro do medio ambiente. Os países desenvolvidos ven con horror cómo van perdendo o pulmón do mundo. Non se pode agar-


dar un pulmón san e osixenado para o Primeiro Mundo a custa do bandullo baleiro do Terceiro. A responsabilidade de mante-la vida na Terra recae, sobre todo, nos países desenvolvidos. Hai que buscar vida para todos.

Mns. Izuzquiza visitounos para solicitar a nosa cooperación para unha emisora cultural que funcione na rexión. A radio é o medio por excelencia para poñer en comunicación ó home do campo co resto do mundo. Informa, pon en relación ós campesiños dispersos nunha zona tan grande, procúralles novos coñecementos sobre a saúde, agricultura, fomenta as súas manifestacións culturais...

A pesar de tódolos problemas que

golpean a Perú, a xente sente que un día poderá saír da crise. Hai esperanza e agradecemento polos que axudan.

JÉsus MEDÍN ROCA.



## O CARRABOXO por XOSÉ LOIS



## Algunhas precisións

Convén sinalar claramente que a obxeción de conciencia fiscal non é unha evasión de impostos. Trátase de cuestionar unicamente a asignación que se fai, nos presupostos xerais do Estado, pró Ministerio de Defensa.

A asignación devandita estímase no ano 1992, nun 5'1% da totalidade dos presupostos do Estado. Consecuentemente, ó paga-los nosos impostos, deduciremos esa mesma porcentaxe.

Algún pensará: "non é mal choio, sempre é bo aforrar unhas pesetas". Pois non, non se trata de embolsar nós eses cartos, senón de entregalos a algunha das organizacións que se adican a actividades de promoción social, sexa en España ou no estranxeiro.

## O Ministerio de "Defensa"

Fálase ás veces da necesidade do exército coma garantía da seguridade nacional, pero ¿que seguridade?

No ano 1940 Alemaña posuía o mellor exército do mundo xunto con Francia, Inglaterra, os Estados Unidos e Rusia, que tamén tiñan potentes exércitos.

Saltou a chispa da guerra mundial e durante catro longos anos estiveron, todas estas nacións, na inseguridade máis grande da súa historia.

¿Que seguridade lle deron os seus exércitos? A seguridade de ter que matar e ter que morrer millóns de persoas.

Iraq tiña un exército no que puña a súa seguridade, ¿de que lle serviu na Guerra do Golfo?

Os Estados Unidos teñen un exército marabilloso, ¿serviulle de algo?, si, pra vence-lo exército dunha nación empobrecida. Pero antes de se enfrontar o exército iraquí ó exército dos Estados Unidos estivo macha-

cando, durante máis de dous meses, a poboación civil de tódalas cidades do Iraq matando nenos, mulleres e homes inocentes, que morreron en maior número cós propios soldados na fronte.

¿Paga a pena ter un exército marabilloso pra adicalo a matar inocentes?

¿Que dicir da guerra servio-bosnia-croata?

## A seguridade incuestionable

O que si é absolutamente seguro, aínda que non haxa guerra, é que os exércitos obríganlles a tódolos pobos a aportar, pro seu equipamento, unha cantidade de diñeiro monstruosa.

Un membro das forzas armadas ocasiona uns gastos por término medio, a nivel mundial, de tres millóns seiscientas mil pesetas ó ano.

A un escolar adícase un gasto anual medio, a nivel mundial, de cento vinte mil pesetas.

Un submarino nuclear custa douscentos mil millóns de pesetas. Con esta cantidade poderíase reforesta-la Terra.

O gasto militar foi de 92,5 billóns de pesetas mentres que o investido en sanidade foron 79,4 billóns de pesetas (datos referidos a 1987).

Segundo o economista Leontief, se o 10% dos gastos militares se investise nos países pobres, a economía experimentaríase unha grande mellora en todo o mundo, con grandes beneficios tanto prós países pobres coma prós ricos.

## Alternativas

A estrutura económico-militarista é moi complexa tanto a niveis nacionais coma internacionais.

Un aspecto que haberá que ter en conta, en calquera transformación que se pretenda realizar, é a cantidade de postos de



traballo que este complexo mantén.

Respecto a esta cuestión é importante saber que a creación dun posto de traballo na industria militar, require case que o dobre de gasto que a creación dun posto de traballo en sanidade e máis do dobre ca en educación.

Por estas e outras razóns, e a pesar das grandes dificultades, os estudos realizados polo Instituto Dinamarqués da Paz, chegan á conclusión de que esta reconversión é posible nun período de uns 25 anos.

## Utopía

Verdadeiramente é unha utopía, hoxe por hoxe, pretende-la desaparición do armamentismo militarista a escala mundial. Que sexa unha utopía significa que é moi difícil pero... ¿é imposible?

A resposta a esta pregunta está condicionada pola nosa

actitude respecto ó problema de se queremos que desapareza a guerra. Todos dicimos que si, pero..., uns engaden "eu non podo facer nada", outros pensar "eu si podo facer algo". Segundo nos situemos, pensaremos que non é, ou si é, posible resolver-lo problema.

A resposta dos obxectores fiscais evidentemente é que si, podemos facer algo. Ademais engadimos "se non estamos de acordo cunha situación inxusta o primeiro que temos que facer, pra que esa situación desapareza, e negarnos a colaborar con ela".

Todas estas razóns que levamos expostas son o fundamento pra esixir do Goberno, que os nosos diñeiros non sexan empregados en algo que vai contra a nosa conciencia. É certo que este dereito non está recoñecido pola lei, pero tamén é certo que os dereitos básicos da persoa están por riba da lei.

## O CARRABOXO por ROSE LOIS



## Orientacións prácticas pra facela Obxeción de Conciencia Fiscal

### A.- Se sae negativa:

Acompaña-la declaración unha carta na que se exprese que, por razóns de conciencia, non queremos apoiar os gastos militares e que, polo tanto, pedimos, rogamos ou esiximos (cada un como queira) que se nos devolva o 5'1% da Cota Líquida pra entregarllo a Organización .....(aquí poñémola organización que temos pensado entregarlle os cartos)

No caso rarísimo de que nolos devolvan, entregámoslle os cartos á Organización e mandámoslle o recibo a Facenda.

### B.- Se é positiva:

Acompañámo-la carta expoñendo as razóns de conciencia.

A retención que fagamos convén que non sexa alta pois así evitamos vernos nun apuro, cando Facenda nos reclame. Moita xente está retendo cantidades en torno ás 5.000 pesetas.

Envía-lo recibo que acredite a doazón a unha organización de promoción social.

Coma exemplo podemos citar: "proxecto Home", "Mans Unidas", "Voluntarios pra Nicaragua", "Asociación Chavós"...

### C.- ¿Onde se inclúe nos folios da Declaración?

Ó final da Declaración, no apartado

"A Deducir, poñemos en calquera das liñas: "Retención por Obxección Fiscal 5'1% da Cota Líquida. Poñémola cantidade correspondente de pesetas na súa casaña e sumámola co resto das retencións.

O total resultante das retencións restámolo da Cota Líquida e así conseguímo-la Cota Diferencial.

Exemplo Práctico


COTA LIQUIDA		130.000
A DEDUCIR		
Retenciones por rendementos do traballo .....	18.000	
Retenciones por O.F. 5,1 da Cota Líquida .....	6.630	
TOTAL .....		186.630
COTA DIFERENCIAL .....		- 56.630

N.- O exemplo práctico pode substituír ó apartado C.

## Letras Galegas 93: Eduardo Blanco Amor

**U**nha vez máis e por vixésima vez, chegamos ó 17 de Maio. Dende 1963 véñeselle dando o nome de *Día das Letras Galegas*.

Moitos e moitas veces criticamos esta denominación por parecernos que exclúe ós 364 restantes de celebrármolos coma días das nosas letras. Pero talvez non todo sexa negativo. Tódolos anos, o autor electo convértese en centro de interese para moitos estudiosos e a todos vai chegando noticia do escritor. Imos, logo, a achegarmos a **Eduardo Blanco Amor**, a figura do 93, aínda que non sexa precisamente destacado "xacobeo".



**F**oi peregrino, pero polos mares: un mes de Abril de 1919 saíu do porto de Vigo, lixeiro de equipaxe, e co peso dunha grande dor no corazón. Tiña 22 anos e aínda non atopara na súa terra, Ourense, acougo nin traballo digno. Fuxía tamén dunha chamada inmediata ó servizo militar e dunha posible participación na guerra colonial africana. O seu temperamento non estaba feito para as armas bélicas.

### Emigrante que se bota a escribir

Arxentina acólleo coma a tantos outros galegos. E alí atopa, con grande esforzo pola súa parte, os medios de desenvolve-las súas actitudes literarias. A pluma e os papeis van ser instrumentos agarimados por el con moita máis destreza có fusil ou a metralleta. Pero Arxentina ten a xenerosidade de devolvérselo coma escritor, e moi pronto ven a luz os seus primeiros libros de poemas:

Romances galegos no 1928

Poemas en catro tempos 1931

Aquí deixa entreve-lo desacougo do seu espírito insatisfeito e buscador. O mesmo tempo que fai unha canción ó mar, o mar que era para el camiño de unión e sima de separación do seu.

Segue logo un período centrado na prosa en castelá onde escribe:

Narrativa: Amor y crímenes de Juan

Pantera

La catedral y el niño

Los miedos

Ensaio: Las buenas maneras

Chile a la vista

### Escritor galego

E no 1956, de novo na lírica e de novo no galego que xa non abandonará, escribe os poemas de Cancioneiro, e pouco despois a triloxía que o consumará coma escritor galego:

1959 A Esmorga

1962 Os Biosbardos

1972 Xente ó lonxe

En galego tamén está a súa obra dramática:

1962 Farsa para títeres

1964 Fas e Nefás

1974 Teatro para xente

Non é posible nomear toda a súa actividade cultural desenvolvida en Buenos Aires e centrada en conferencias, clases na Universidade, artigos xornalísticos, dirección de Revistas etc.

Tampouco desenvolverei as relacións que contribuíron á formación do escritor galego: Jorge Luis Borges, Ernesto Sábato, Alonso Reyes... e do grupo de galegos que reciben a Castelao no 1940, naquelas datas difíciles para a nosa cultura.

### Ourense coma escenario

As súas novelas en galego ou castelá teñen dúas cousas en común: todas están situadas na cidade de Ourense, e todas, menos A Esmorga, teñen coma prota- ➤

⇒ gonistas á infancia ou á adolescencia. Non é raro, pero é significativo. Os anos transcorridos na Arxentina, que fixeron ó escritor e que mesmo lle emprestaron a lingua para as súas primeiras obras en prosa, non lle puideron empresta-los temas nin os lugares para a súa creación literaria.

As dúas en castelán teñen coma escenario un pazo ourensán onde Blanco Amor recrea personaxes que sen dúbida gardaba no recordo: familias das derradeiras xeracións fidalgas en relación cos outros estamentos sociais, administradores, criados, clases populares do seu entorno, clero e mesmo bispos. Os rapaces medio perdidos en medio deste mundo que o autor, maduro e crítico, fai tamén críticos de situacións que el mesmo debeu padecer, e expresa o que daquela non podía formular nin expresar. Fina ironía e mesmo sarcasmo.

#### A triloxía narrativa

En *A Esmorga*, fíxase no Ourense da marxinação. Nas aventuras que unha noite corren tres homes do subproletariado decimonónico. Desgarro narrativo

para levarnos a un desenlace trágico non exento nin de fatalismo nin de intencionalidade de responsabilizar ás estruturas da orde e da xustiza.

*Xente ó lonxe*, trae á escena ó proletariado cualificado, unha familia de militantes socialistas que a primeiros de século loitan polo sindicalismo obreiro e pola escola laica. A burguesía e os sectores clericais e conservadores teñen aquí tamén a súa censura ben merecida nos esquemas da obra.

*Os Biosbardos* son unha serie de relatos curtos tamén de carácter realista protagonizados por rapaces de diferentes ambientes, onde non falta a recreación de episodios que sen se autobiográficos poden responder a moitas facianas da súa vida.

¿Onde se afila esta pluma crítica?

#### A experiencia do vivido

Na súa propia traxectoria vital. Infancia triste que sofre ós sete anos o abandono do pai. Falta de saúde e discriminación na familia, e na rúa. Unha cidade coma Ourense dos primeiros anos vinte onde eran moi poucos os que podía vivir

ben e moitos os que carecían de todo.

E tamén un Ourense onde apuntaban os primeiros intentos de loita sindical, onde naceron, e viviron os fundadores do galeguismo cultural coma o Grupo Nós, onde loitou o cura Basilio Alvarez mobilizando ós labregos na defensa da redención dos foros; onde a institución eclesial apoiaba á dereita conservadora en prexuízo dos máis febles, e onde as clases altas non sempre se distinguiron polo achegamento a a fraternidade.

Todo iso calou no neno e no mozo, e despois de anos e de maduración vai a luz dun xeito máis ou menos exacto ou amplificado.

No número 82 da revista *Encrucillada* acabo de tratar este mesmo tema en moito máis espacio. Remito ó lector interesado á súa lectura, e tamén á bibliografía que lle poderá ofrecer moita máis información para coñecer, en calquera caso, a un dos escritores a quen máis debemos no desenvolvemento das nosas *Letras Galegas*.


ENGRACIA VIDAL

## Nocturno

Xa todo agora se durme na noite  
xementada de ensonos e de estrelas,  
nada hai en ti mneu corazón, que loite.  
Afúndese na paz que tanto arelas.

Tebras da noite, escintilar da outura  
que percorre asenllante meu espírito;  
rhythmos eternos da sabencia pura  
que boiades no seo do infinito;  
sonos sin forma na mourenza opresos,  
desacougos sin fin, door sin calma,  
paxaros tolos do ideal, acesos,  
que alampades de luz e fogo a ialma,  
ídevos e deixarme quedar soio  
neste mundo de xestos esvaídos,  
quero dormirme no supremo arrollo  
de chegar a sentir sin os sentidos

(*Romances Galegos*)



## Testemuño dun insubmiso cristián

“Das espadas forxarán arados, e das lanzas, podadeiras; non alzaré a espada unha nación contra outra. Non se adestrarán para a guerra” (Is, 2,2)

*¡Hola!*

Quero aproveitar este espazo que me brinda a revista Irimia para contar a miña experiencia persoal con respecto á frase anterior.

Eu son insubmiso. En 1989 declareime obxector de conciencia, e 3 anos despois chamáronme a realiza-la prestación social substitutoria (PSS) da mili no Insero de Llanes (Asturies); negueime a facela, e desde entón abríuseme un proceso xudicial que culminou co xuízo que tivo lugar en Santiago de Compostela o 28 de abril, ás 12 da mañá, no Penal nº 2.

Diante deste feito, e do máis que probable ingreso en prisión posterior (a petición fiscal é de 2 anos, 4 meses e 1 día), non fago senón reafirmarme nas mesmas conviccións que me fixeron no seu día declararme obxector e posteriormente insubmiso. Vou tentar contalas brevemente.

### Coherente coa fe

Cando presentei a solicitude de obxector de conciencia, aleguei motivacións relixiosas, éticas e políticas non violentas. Consideraba (e considero) que unha institución coma a militar é danifia para as persoas, tanto as que a integran como as que a sofren, polos valores que defende e os medios que utiliza para iso. Que despilfarrara recursos moi necesarios para atender necesidades sociais, e que é unha das defensoras e mantedoras das situación de inxustiza no mundo (entre persoas e pobos, países subdesenvolvidos, etc).

Estou firmemente convencido de que os valores militares, no noso contexto, contradíñse cos que predicou Xesús de Nazaré, e que optar por El implica rexeita-lo que se lle opón: “Quen non está comigo está contra min”.

### Medrou en mín a conciencia

Con estas reflexións podería ter que-

dado aquí a cousa: recoñecido como obxector, chamaríanme á PSS, faríaa, e punto.

Demasiado sinxelo, quizais. Tiven a grande sorte de ter acceso a un maior coñecemento e reflexión do que supón non só o militar, senón os mecanismos que usan os gobernos para frea-las disidencias; tiven ocasión de reflexionar



*O insubmiso Andrés ten o apoio de boa parte do pobo. Xa hai sentenza, o que o fiscal pedía. Pero a xuíz solicita indulto parcial.*

Foto: Manolo Blanco

sobre os xeitos de loita que empregaran persoas como Gandhi ou Martin Luther King; tiven contactos cos grupos que por aquel entón iniciaban a campaña da insubmisión: unha campaña de desobediencia civil, na que moitos mozos se negaban explícitamente a realiza-la mili e a PSS para rematar con elas.

### Enmenda á totalidade

¿Por qué tamén a PSS? ¿Non é este un servizo alternativo e de carácter social, un xeito de colaborar coa sociedade? Oxalá fose todo así de sinxelo, pero non. Aquí é xa necesaria unha reflexión sociopolítica sobre a Lei de Obxección de Conciencia e as súas contradicións, o seu carácter de dereito non fundamental, as trabas que pon á realización da obxección, o establecemento dunha PSS de carácter substitutorio, que manténe manterá a mili mentres non se lle faga a con-

tra directamente... Sería necesario profundar en cada un destes aspectos para poder facelos ver con claridade, pero creo que me limitarei a indicar un fundamental:

A obxección de conciencia non é unha saída individual á túa negativa; unha obxección con auténtico contido antimilitarista debe facernos establecer unha tarefa colectiva, tendente a rematar coa obrigatoriedade da mili, e iso só se conseguirá coa desobediencia frontal ó recrutamento forzoso, tamén á PSS, na medida en que a súa existencia está condicionada á previa existencia da mili.

### In-submisos, non in-solidario

Non nos estamos a negar a ser solidarios, colaborar coa sociedade; invitaría a achegarse á realidade dos insubmisos para decatarse de que non é así, que a maioría colaboran desde hai moitos anos en máis actividades que perseguen a

transformación da sociedade. Negámonos a colaborar co militar, e facémolo a sabendas do que eso supón.

Esta carta clareará moi pouco a moita xente, pois deixo demasiadas cousas esbozadas a poucas profundadas; tan só pretendía explicar por riba as miñas motivacións. Coñece-lo resto depende de todos vós.

Non se nos xulga por insolidarios, senón por insubmisos, por cuestiona-las leis, aínda a sabendas de que esas leis son inxustas.

E ir á cadea por iso é unha inxustiza, pero non unha vergoña; en tal caso, un orgullo. Unha pequena aportación á causa da paz.

E unha invitación a que outras persoas fagan o mesmo.

ANDRÉS HERNÁNDEZ MOURIÑO  
Colectivo Antimilitarismo Rompamfilas

## Ancorar no futuro (Ex 3)

"Moisés díxolle a Deus: "¿Quen son eu para ir onda o faraón e para saca-los israelitas de Exipto?"<sup>12</sup> Respondeulle Deus: "Eu estarei contigo. E este será o sinal de que eu te mando: Cando sáque-lo teu pobo de Exipto, adoraredes a Deus nesta montaña".<sup>13</sup> Moisés replicou: "Xa me estou vendo chegar onda os israelitas e dicíndolles: O Deus dos vosos pais mándame onda vós. Mais eles preguntaran-me: ¿E cal é o seu nome? ¿Que lles direi entón?" (1)

*O novo deus responde que estará con Moisés, pero, curiosamente, o sinal que lle fornece non é de presente, senón de futuro: cando os libere da escravitude adorarán a Deus na montaña do Sinaí. ¿E mentres tanto?*

<sup>14</sup>Deus respondeulle a Moisés: "Eu son o que son". (2) E engadiu "Diráslles tamén os israelitas: Eu son mándame onda vós"<sup>15</sup> E mandoulle aínda: "Diráslles tamén ós israelitas: Iavé, o Deus dos vosos pais, o Deus de Abraham, de Isaac e de Xacob mándame onda vós. Ese será o meu nome para sempre. Por el invocaranme tódalas xeracións". (3)

*Israel non existía aínda como pobo, só había a etnia dos hebreos, pero o autor sagrado fala de israelitas e mesmo do posterior Consello de anciáns como se xa fosen realidade:*

<sup>16</sup>Agora vai xunta os anciáns de Israel e dílles: Iavé, o Deus dos vosos pais, o Deus de Abraham, de Isaac e de Xacob aparecéuseme e díxome: Veño visitarvos, pois xa vin como vos tratan en Exipto.<sup>17</sup> Teño decidido sacarvos da miseria de Exipto e levarvos ó país dos cananeos, dos hititas, dos amorreos, dos perizitas, dos hititas, dos hivitas e dos iebuseos, unha terra que deita leite e mel.<sup>(4)</sup><sup>18</sup> Eles faranche caso, e ti e maillos anciáns de Israel iredes onda o rei de Exipto e dirédeslle: Iavé, o Deus dos hebreos, veu ó noso encontro e agora temos que facer polo deserto unha viaxe de tres días, para ofrecermos sacrificios a Iavé, o noso Deus".

*Anúncianse as resistencias do faraón a perder tan barata man de obra e albíscase xa a loita que vai ser emprendida polo novo Deus, Iavé, en contra do divino faraón:*

<sup>19</sup>Eu sei que o rei de Exipto non vos deixará saír, se non é o forzado por man rexa.<sup>20</sup> Pero eu alongarei a miña man e ferirei a Exipto. Obrarei alí moitos prodixios, e deixaranvos saír.<sup>21</sup> Farei tamén que este pobo encontre o favor dos exipcios. Dese xeito, cando saian, non sairán coas mans baldeiras.<sup>22</sup> As mulleres pediránlles ás súas veciñas e ás súas hospedeiras obxectos de prata e de ouro e roupas para vesti-los vosos fillos e fillas, e así levaredes botín de onda os exipcios".

*Se de botín se fala, é porque vai haber unha guerra, pero entre deuses, para garantir que Iavé é máis potente có divino faraón e cóos deuses exipcios.*



*A loita pola liberación vai ser unha batalla entre deuses: o divino faraón e o deus dos hebreos, Iavé. Aquí o deus exipcio Horus, representado coa cabeza de Falcón*

1. O deus do patriarca era o deus do pai, sen máis -Deus de Abraham, de Isaac, de Xacob-, aínda que foi equiparado ó deus supremo cananeo El (o santuario de Betel era Casa de Deus: Bet-El). O nome do rei de Exipto todo o mundo o coñecía: faraón, que significa Grande Casa, e facía referencia ó seu poder e riqueza. Un rei invencible. ¿Cal sería o nome dese deus que se lle manifestaba a Moisés e que o enviaba a parlamentar co faraón para que deixase saír de Exipto ós escravos hebreos? ¿Podería este novo deus co faraón?

2. As catro consoantes hebreas lense Iavé, e non Xehová, como equivocadamente interpretan algúns, por mala vocalización do texto hebreo, que carece de vocais. Isto non ten moita importancia. Maior interese ofrece a versión que dan os estudiosos en futuro: "Eu serei o que serei", é dicir, heime manifestar no momento oportuno. "El fai ser", traducen algúns. Con esta afirmación, Deus dáse a coñecer coma o Señor da Historia. Estamos perante a autoproclamación dun Deus liberador.

3. Excelente soldadura que realiza o autor sagrado, enlazando co deus dos patriarcas o nome do deus que se veneraba no clan de Ietró, sogro de Moisés -e da mesma nai de Moisés-, Iaho ou Iaw, unha forma do verbo hebreo que significa "ser". Pouco ten que ver co Ser ou Ente dos filósofos gregos que levou á interpretación metafísica, máis ca histórica, do nome de Deus.

4. Velaí o nome dos sete pobos ou etnias que habitaban no tempo da conquista dos hebreos o país de Canaán ou Palestina. Algúns destas etnias non son hoxe localizables.

## IX Asemblea de Comunidades Cristiás

**C**omo xa anunciabamos, o día 24 de abril, xuntámonos para celebra-la IX asemblea no Castiñeiriño en Santiago de Compostela. O tema de traballo foi A Xenofobia. Presentáronse tres experiencias: Asociación Chavós de xitanos de A Coruña.

Nela traballaban xitanos e paios. Nace no ano 1988 nun colexio. Recibe axudas do Plan Nacional Xitano entre outras. Fan educación de adultos, preparan para o carné de conducir, fan cursiños de perruquería. Teñen actividades lúdicas e deportivas para nenos e maiores. Crearon unha cooperativa de vendedores ambulantes. Contra deles hai moitos prexuízos, non coñecemos a súa cultura, a súa lingua, a súa xustiza. Queremos que se fagan iguais ca nós. Eles séntense discriminados.

### **Acollida a transeúntes en Lugo.**

É un centro de acollida subvencionado. Os transeúntes teñen dereito a estar nel tres días cada dous meses. Son xente sen traballo, enfermos moitas veces, e sen familia. Totalmente desarraigados da sociedade. No ano pasado foron acollidas 912 persoas.

### **Traballo con senegaleses en Vigo.**

Desde un sindicato axúdaselles nos trámites de legalización que



poden durar dous ou tres anos. É un grupo de trinta persoas, que descoñecen a lingua, non se lles recoñece a súa profesión. Viven en pisos, que con dificultades conseguen, en grupos de nove a once, pagando cada un 500 pesetas a diario pois non confían neles. No sindicato fixeron un cursiño de lingua castelá. Traballan coma vendedores ambulantes.

### **Conclusións**

Resumindo o coloquio, poderíamos chegar ás seguintes conclusións:

A xenofobia é unha actitude, e a ela axudan a ignorancia e o egoísmo. A ignorancia por descoñecemento doutras culturas. O egoísmo polo temor a que nos quiten postos de traballo. A convivencia faise máis difícil pola diferenza de costumes, polo distinto sentido da xustiza, incluso pola distinta maneira

de comer. Por outro lado a estrutura política ampara a xenofobia: a lei de estranxería, a lei de servizos sociais, a falta de axuda real ós países menos desenvolvidos.

Os marxinaados, os “outros” necesitan axuda pero ¿que gobernante, qué persoa rebaixa o seu benestar en favor dos outros? Nóllos cristiás ¿que temos que facer de cara á xenofobia, a marxinaación, os transeúntes?

A Coordinadora quedou en xuntarse o día oito de maio para elabora-las conclusións e concreta-las propostas de acción feitas.

Despois de xantar celebrámo-la Eucaristía co compromiso de “facer do estranxeiro un irmán”. Rematamos ledos, ó sentirnos xuntos nunha máis grande comunidade que nos dá forzas para seguir traballando por un mundo máis solidario.

CARMELA CAPEÁNS LEIS.

## Tres sonetos para Alfonso

*O sábado, 24 de xuño, Alfonso Blanco Torrado recibiu en Guitiriz unha homenaxe e 50 escritores galegos escribiron unhas liñas para un libriño que leva por título Pregoeiro da luz. Escollemos tres sonetos significativos e desculpámonos polo feito de que sexa un colabo-*

*rador da nosa revista o que apareza nesta páxina de loanza. Pero quen coñeza a singularidade humilde de Alfonso ha aplaudir, ben seguro, a excepción de que nos honremos, nestas páxinas, cun aplauso a un irimego. Ensalzar ós humildes é obriga evanxélica.*



**E**u quixera tamén, Afonso amigo,  
levar na fronte a estrela da poesía  
por ser trobeiro do teu longo día  
de viño xeneroso e de pantrigo.

Mais xa ves, compañeiro, o que eu quería  
de corazón dicir non é o que digo,  
por moito que me esforzo e que persigo  
teimudo o verso que me desafiá.

Non busco dicir máis que o que pregoa  
quen come canda nós a antiga froita  
aceda desta Patria que fas boa.

Pero a gorxa é ruín e a pluma enxoiada,  
e se a miña escaseza non perdoa,  
esquece o canto e quédate coa loita.

Paco Martín

**A**lfonso Blanco Torrado, meu amigo,  
árbore pondaliana, transplantada  
na Terra Cha longal e ben amada;  
¡labarada de fe, vilar de trigo...!

Pregoeiro da luz e da alborada,  
materia de penedo e de caxigo,  
modernísima voz en verbo antigo,  
fogueira de esperanza ilusionada.

El marcounos a roita. E vai diante  
esparexendo, humilde e silencioso,  
o seu amor puro, fondo, latexante.

Afonso exerce o oficio máis fermoso:  
¡o darse de verdade ao semellante  
dun xeito fraternal e xeneroso...!

Manuel María

**D**eixando as mágos e o desasosego  
que enchen a vida -a miña e mais a túa-,  
pàrceme a min que agora manda a lúa  
que eu lle cante souril ó mellor crego

da Terra Cha co meu cantar chairego  
pra lle dicir: Amigo, irmao, decrúa  
na chousa da nación, e sacha e súa  
pra fecundares o teu largo rego,

que habendo obreiros coma ti no pobo,  
verei antes da morte o tempo novo  
que co ollo interno algunhas veces vispo,

pois ben sei que ha de ser, amigo Afonso,  
-e con esto xa acabo o meu responso-  
Galicia ceibe e tu seu arcebispo.

Darío Xohán Cabana

## Lingua e humor (7)

### Saír dun apuro

O humor é por veces un recurso para saír de situacións inesperadas.

Caeulle unha mosca no vaso de viño e, antes de bebelo, dille

*-Aperta as asas que vas pasar un túnel.*

Ou o dito, que conta Llópiz, dun soldado ó que lle caeu un mosquito no prato:

*-Arrecacha a pata que vas de viaxe.*

Escapoulle un peido, con perdón da palabra, a un neno. Hai visita. Todos se poñen rubios coma tomates. A situación é violenta. Aquel instante dura unha eternidade. O visitante discúlpao cunha frase xenial:

*-Si, home, si. Cando os inquilinos non pagan, hai que botalos fóra.*

A atención de todos vólvese de repente á gracia do dito e a tensión do instante anterior esfúmase como por milagre. O incidente queda devaluado.

Claro que a lingua tamén nos dá recursos para chama-la atención cunha certa gracia que suavice. Era o caso doutro neno que arrotou na comida, cousa entre nós mal vista, e aquela nai de Sanguñeda reprendeuno dicíndolle ós outros o seguinte:

*-Non chaméde-lo veterinario, que o porco xa falou.*

creando instantaneamente unha ficción, verdadeiramente literaria, que todos sobreentenden: a historia dun suposto porco que estaba enfermo, que *perdera a fala* e que xa a recuperou. Dígocho, Xan, enténdemo, Pedro. Vede a onde chega a vontade de estilo na fala popular.



O xuíz Baltasar Garzón é un cidadán libre. Mesmo poida que a súa decisión de militar na política constituía un paso adiante, se é que a conciencia llo pide. Os nosos respectos, polo mesmo, á súa opción.

Pero o xuíz Garzón non é un cidadán privado. Por mérito da súa limpa traectoria perseguindo a mafia da droga con perigo do seu pelello, a opinión pública enarborouno coma estandarte da loita contra a corrupción.

Que non lle sorprenda, logo, a ninguén que o cidadán medio se sinta algo desencantado. Non andamos sobrados de símbolos, e Garzón éo. Que hipoteque a súa independencia anterior para servir de *deterxente* dun partido enlarafuzado en ilegalidades económicas (presuntas) é unha mágoa. ¿Pensará que pode limpa-la casa na que entra? Se así fose non deixaríase de ser unha gran inxenuidade.

1. Don José Gea Escolano, que é bispo de Mondoñedo pra falar das eleccións madrugou algo moi cedo.

2. Dende hai meses vén dicindo, e a súa voz ben se oe, que un católico non vote de ningún xeito ó Pesoe.

3. Eu comparto a opinión mais por razón ben distinta: porque o Pesoe perdeu de socialista a pinta.

4. De verdade que o sinto pois paréceme unha perda que os mozos de Pablo Iglesias xa non sexan da esquerda.

5. Monseñor co seu discurso ergueu tan tremendo cisco que a súa liña integrista non comparte ningún bispo.

6. Porque as declaracións que fai o episcopado non aconsellan partido e niso amosan coidado.

7. A opinión pública fai de sorpresa moitas cruces preguntando onde o bispo atopa tan claras luces.

8. Monseñor, alporizado, chama a fonda reflexión pero as súas verbas causan tristura, mágoa, irrisión.

9. O malo é que as palabras deste bispo ou Ordinario poden crear reacción e obte-lo efecto contrario.

10. Porque a pouco que se pense, e non hai que ser moi listo, que se vote á dereita aconsella o señor bispo.

11. Un consello non directo, senón máis ben soterraño que escándalo constituíe e por partidista, estraño.

12. O malo de todo isto é a concepción estreita de que os valores cristiáns patrimonio son da dreita.